

## LINGUA GALEGA

Non hai moitos anos desde que comezaron a verse pola rúa, ou nos teatros, ou en todo tipo de festas, uns estilosos, orixinais e coloridos zocos. Parecíanse á zoca tradicional, pero sendo, ao mesmo tempo, outra cousa. O **boca a boca** foi medrando. A presenza nas redes sociais ou nos medios de comunicación tamén. E xa hai tempo que Eferro, o obradoiro familiar de Elena Ferro, deixou de ser aquel segredo curioso de, “onde mercaches iso?”, para ser un orgullo para quen recoñeza o mérito de renovar un elemento do noso **patrimonio** cultural que podía desaparecer, mais que acabou converténdose en moda. Elena Ferro vén de gañar o Premio Nacional de Artesanía do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Mais o seu traballo xa fora recoñecido en Galicia. E agora pode selo máis. (...)

5 — Pertences á terceira xeración dunha familia zoqueira: primeiro o avó, despois o pai e a tía... Criácheste no obradoiro... Que foi o que te enganchou do oficio?

10 — Pois non sabería dicir exactamente. Sempre me gustou traballar coas mans. Xa de pequena ía coas vacas, levaba unha navalla e tallaba cousas con paus... E tamén xogaba coas ferramentas no obradoiro. Supoño que xa tiña unhas habilidades, que puiden desenvolver ao criarme nunha familia de zoqueiros. Ademais, a que neno non lle gustan os martelos e as puntas? Ben, agora se cadra teñen os dedos máis ocupados coas pantallas... Pero a min gustábame moito, xa de nena.

15 — Igual é unha impresión falsa, pero eu diría que os zocos son usados máis para ocasións especiais que para diario. Dependendo do contexto, onde antes levabas uns tacóns, agora levas uns zocos.

20 — Hai xente que os usa máis para diario e xente que os usa máis para as ocasións. Mais o que eu si penso é que, cando levas zocos, a maneira de camiñar cambia. Medras cinco centímetros... Mesmo podes dar unha patada que pode doer. É como se te **empoderase**. Medras, é un calzado duro, forte... E é parte da nosa cultura, o cal di moito do noso país.

25 — Referíame a que conseguiches poñer de moda o que antes era desprezado por ser asociado a un rural **desprestixiado**. Oxalá se puxesen de moda moitos outros elementos do noso patrimonio....

30 — Coma a lingua! Ogallá **estivese de moda** falar en galego. Pois o que pasa co idioma é un pouco o que pasaba cun elemento do noso patrimonio cultural coma os zocos. Algo que perde prestixio e que podía desaparecer... Conseguir evitar iso é o maior orgullo que poden ter. Non vou facer nada máis importante na miña vida. O máis importante é iso, facer que ese calzado que forma parte da nosa identidade non desapareza, e que o oficio non desapareza. Agora hai outros zoqueiros e para min é motivo de orgullo...

Montse Dopico. *Praza* (9/12/2019).

### CUESTIÓNS

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (en letra negra): *boca a boca* (l. 3), *patrimonio* (l. 6), *empoderar* (l. 23), *desprestixiado* (l. 26), *estar de moda* (l. 28) (1 punto).
2. Escriba un título e un resumo do texto (2 puntos).
3. Escriba o plural das seguintes palabras do texto: *rúa*, *tradicional*, *familiar*, *aquel*, *cultural*, *xeración*, *avó*, *país*, *identidade*, *oficio* (1 punto).
4. No texto aparecen as formas *recoñeza* (l. 6), *desaparecer* (l. 6), *pertences* (l. 10), *podes* (l. 23) e *facen* (l. 31). Conxugue o presente de indicativo e o presente de subxuntivo destes cinco verbos (2 puntos).
5. Redacte un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión da autora e a entrevistada (4 puntos).